



Data: 09/06/2022

A: Subdirección Xeral de Recursos Forestais. Consellería do Medio Rural

Asunto: Resposta á petición de informe

En resposta á súa solicitude de informe trasladámoslle a seguinte información:

O día 25/05/2022 tivo lugar a apertura electrónica dos sobres coas ofertas económicas da poxa con código POXA CO-PX-2022-01 asociada ao alleamento de aproveitamento madeireiro convocado na RESOLUCIÓN do 18 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, pola que se fai pública a convocatoria, mediante procedemento aberto con criterio único (prezo), para un alleamento de madeiras na provincia da Coruña.

Durante a apertura da poxa identificouse un erro aritmético na documentación que afectaba ao importe total da oferta económica presentada para un lote, non coincidindo o sumatorio dos prezos unitarios por especie rexistrados co importe total rexistrado na oferta. Revisado o conxunto da poxa comprobouse que presentan erros aritméticos similares as ofertas económicas dun total de 4 lotes (004, 007, 008 e 009/22).

Da análise e revisión técnica realizada polos servizos desta Axencia pode indicarse que:

- Os prezos unitarios por especie son cubertos polos solicitantes, mentres que o importe total da oferta calcúlase de xeito automático pola aplicación informática da poxa (CORPU), de xeito que tanto os prezos unitarios como o importe total pasan a estar recollidos e rexistrados na oferta.
- Nesta poxa en concreto produciuse unha incidencia técnica na rutina programada para o cálculo do importe total de xeito que podía presentar erros aritméticos no valor calculado. Esta incidencia técnica non pode ser achacada aos solicitantes.
- Os erros aritméticos nos cálculos automáticos dos importes totais rexistrados nos 4 lotes indicados foron previos ao proceso de encriptación das ofertas económicas.
- Verificouse que o proceso de encriptado/desencriptado de datos realizado na ferramenta web empregada (CORPU) para as ofertas económicas afectadas foi realizado correctamente.
- O valor económico correcto corresponde co sumatorio dos prezos unitarios por especie cubertos polos solicitantes, isto é, o importe total para as ditas ofertas económicas. Unha vez corrixidos os erros aritméticos iniciais achéganse os valores correctos no ANEXO I.
- Implementaranse medidas preventivas entre as que se atopan a mellora das trazas de auditoría técnica do sistema (mantendo a confidencialidade requirida) e a comprobación da coincidencia no sumatorio dos prezos unitarios por especie e totais rexistrados.

Expóñense estes feitos e dase trasladado á unidade responsable do procedemento da poxa aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela

O director da Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais
P.V. O director da Área de Transformación Dixital da Facenda Autonómica
Víctor Coladas Bilbao





ANEXO I – LISTADO LOTES AFECTADOS

LOTE	IMPORTE CORRECTO	SOLICITANTE
004/22	11.290,00 €	Díaz y Buceta, SL
007/22	15.781,50 €	Díaz y Buceta, SL
008/22	59.560,31 €	Díaz y Buceta, SL
009/22	14.265,54 €	EF Souto Carrillo, SL

